

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro         | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 36013448 | Manuel Antonio | Vigo     | 2023/2024     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo    | Grao                               | Réxime                 |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|--------------------|------------------------------------|------------------------|
| SAN                           | Sanidade            | CSSAN09                   | Hixiene bucodental | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                    | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0733       | Intervención bucodental | 2023/2024 | 7                | 213          | 213            |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                        |
|--------------------------------|------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | EVA RODRÍGUEZ GREGORES |
| Outro profesorado              |                        |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Hixiene Bucodental consiste en promover a saúde bucodental das persoas e da comunidade, mediante o desenvolvemento de actividades preventivas e técnico-asistenciais que inclúen a exploración, a avaliación, a promoción e a realización de técnicas odontolóxicas en colaboración co/coa odontólogo/a ou co/coa médico/a estomatólogo/a. Como membro dun equipo de saúde bucodental realizará a súa actividade profesional con criterios de calidade, seguridade e óptimo aproveitamento dos recursos.

As persoas que obteñen o título de técnico superior en Hixiene Bucodental exercen a súa actividade profesional no sector sanitario público e no privado, na área de atención sanitaria e promoción da saúde e forma parte de equipos estruturados de saúde bucodental, de equipos de atención primaria, nas unidades de promoción da saúde, e en consultas ou gabinetes dentais privados. Poden integrarse nun equipo de prevención e atención sanitaria, coordinado por un/unha facultativo/a. Desenvolven funcións de organización e xestión na unidade ou no gabinete dental de traballo, prestan servizos asistenciais e preventivos á comunidade e controlan a súa calidade a través de actividades de vixilancia epidemiolóxica e de educación sanitaria. A súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración competente.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título   | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|------------|--------------------|----------|
| 1    | MÉTODOS DE CONTROL DA PLACA BACTERIANA             |            | 28                 | 13       |
| 2    | SELADO DE FOSAS E FISURAS                          |            | 35                 | 17       |
| 3    | APLICACIÓN DE FLUORUROS TÓPICOS                    |            | 28                 | 13       |
| 4    | ELIMINACIÓN DE TINCIÓNS DENTAIS EXTRÍNSECAS        |            | 28                 | 13       |
| 5    | ELIMINACIÓN DE CÁLCULOS DENTAIS                    |            | 42                 | 20       |
| 6    | PULIDO DE OBTURACIÓNS                              |            | 28                 | 13       |
| 7    | TÉCNICAS DE CONTROL DA HIPERSENSIBILIDADE DENTARIA |            | 24                 | 11       |

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD                           | Duración |
|-----|--|----------|
| 1   | MÉTODOS DE CONTROL DA PLACA BACTERIANA | 28       |

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA6 - Elimina a placa bacteriana da cavidade bucodental, e selecciona métodos de control e eliminación | SI       |

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA6.1 Clasifícanse os tipos de cepillos, sedas dentais e outros métodos mecánicos para a eliminación da placa |
| CA6.2 Clasifícanse os métodos químicos para o control da placa  |
| CA6.3 Relacionouse a composición de colutorios e pastas dentais co control da placa                           |
| CA6.4 Aplicáronse as técnicas de revelado de placa bacteriana   |
| CA6.5 Instruíuse na aplicación de técnicas de hixiene bucodental  |
| CA6.6 Enumeráronse medidas de prevención da placa bacteriana  |
| CA6.7 Tipificáronse as medidas para o control da placa bacteriana nas próteses dentais                        |
| CA6.8 Definíronse os criterios de realización dun programa de control de placa na clínica dental              |

**4.1.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Clasificación dos métodos mecánicos e químicos de control de placa. |
| Relación dos compoñentes coa eliminación de placa.                  |
| Técnicas de revelado de placa bacteriana.                           |
| Técnicas de hixiene bucodental.                                     |
| Prevención da placa bacteriana.                                     |

| Contidos   |
|--|
| Eliminación de placa bacteriana nas próteses dentais.<br><br>Programa de eliminación de placa na clínica dental. |

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD              | Duración |
|-----|---------------------------|----------|
| 2   | SELADO DE FOSAS E FISURAS | 35       |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Realiza seladuras de fosas e fisuras, en relación coas características das superficies dentarias | SI       |

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA1.1 Identifícanse as superficies dentarias que cumpra selar              |
| CA1.2 Diferenciáronse os tipos de resinas utilizados como material selador |
| CA1.3 Preparouse o material para colocar o selador                         |
| CA1.4 Illouse o campo operatorio   |
| CA1.5 Acondicionouse a superficie dentaria que cumpra tratar               |
| CA1.6 Aplicouse o material selador mediante as técnicas pertinentes        |
| CA1.7 Identifícanse os erros máis comúns na aplicación da técnica          |
| CA1.8 Cumpríronse os criterios de calidade en todas as fases da seladura   |

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA1.9 Determináronse as indicacións individuais e colectivas no emprego de seladores de fosas e fisuras            |
| CA1.10 Identificáronse as pautas de revisión no emprego de seladores   |
| CA1.11 Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica |
| CA1.12 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental  |

#### 4.2.e) Contidos

| Contidos   |
|--|
| Indicacións no emprego de seladores<br>Superficies dentarias para selar.<br>Clasificación dos seladores.<br>Técnicas de illamento dental.<br>Preparación do material.<br>Preparación de superficies dentarias.<br>Técnicas de aplicación dos seladores de fosas e fisuras.<br>Técnicas de acondicionamento do/da paciente.<br>Protocolos de revisión dos seladores de fosas e fisuras. |

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD                    | Duración |
|-----|---------------------------------|----------|
| 3   | APLICACIÓN DE FLUORUROS TÓPICOS | 28       |



#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Aplica fluoruros tópicos, e describe os tipos e as técnicas de aplicación | SI       |

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA2.1 Definíronse os tipos de fluoruros  |
| CA2.2 Determináronse as indicacións na aplicación de fluoruros   |
| CA2.3 Determinouse a posoloxía de fluoruros  |
| CA2.4 Clasificáronse as técnicas de aplicación de fluoruros tópicos  |
| CA2.5 Preparouse o material necesario para realizar unha aplicación de flúor en cubetas                            |
| CA2.6 Acondicionouse a superficie dentaria que cumpra tratar   |
| CA2.7 Realizouse a aplicación de flúor en cubetas  |
| CA2.8 Identificáronse os erros máis comúns na aplicación da técnica  |
| CA2.9 Definíronse as recomendacións posteriores á aplicación do flúor  |
| CA2.10 Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica |
| CA2.11 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental  |

#### 4.3.e) Contidos

| Contidos                 |
|--------------------------|
| Tipos de sales de flúor. |

| Contidos                                     |
|--|
| Mecanismo de acción dos fluoruros.           |
| Vías de administración do flúor.             |
| Posoloxía de fluoruros.                      |
| Indicacións na aplicación de fluoruros.      |
| Técnicas de aplicación de fluoruros tópicos. |
| Coidados despois da aplicación de fluoruros. |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                                | Duración |
|-----|---|----------|
| 4   | ELIMINACIÓN DE TINCIÓNS DENTAIS EXTRÍNSECAS | 28       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Elimina tinguaduras dentais extrínsecas, logo de seleccionar a técnica adecuada | SI       |

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA4.1 Definíronse as tinguaduras dentais extrínsecas  |
| CA4.2 Definíronse técnicas de eliminación de tinguaduras dentais extrínsecas e as súas causas |
| CA4.3 Preparáronse materiais e instrumental necesarios para a súa eliminación                 |
| CA4.4 Realizáronse as técnicas de eliminación de tinguaduras dentais extrínsecas              |
| CA4.5 Definíronse as medidas de prevención  |

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA4.6 Desenvolveuse o traballo con orde, limpeza e método   |
| CA4.7 Verificouse que a superficie quede libre de tinguaduras dentais extrínsecas                                 |
| CA4.8 Valorouse a aplicación posterior de técnicas de branqueamento dental  |
| CA4.9 Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica |
| CA4.10 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental                                       |

#### 4.4.e) Contidos

| Contidos                                       |
|--|
| Definición e etioloxía de tinguaduras dentais. |
| Técnicas de eliminación.                       |
| Preparación de materiais e instrumental.       |
| Realización de técnicas de eliminación.        |
| Medidas de prevención.                         |
| Control de calidade.                           |

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD                    | Duración |
|-----|---------------------------------|----------|
| 5   | ELIMINACIÓN DE CÁLCULOS DENTAIS | 42       |

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo                            | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Elimina cálculos dentais, seleccionando a técnica adecuada | SI       |



**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA3.1 Definíronse os tipos e as causas dos cálculos dentais  |
| CA3.2 Identificáronse as superficies máis frecuentes de aparición dos cálculos dentais                             |
| CA3.3 Definíronse técnicas de tartrectomía, raspadura, pulidura e alisadura radicular                              |
| CA3.4 Enumeráronse as indicacións e as contraindicacións segundo as características do/da paciente                 |
| CA3.5 Preparáronse os materiais e o instrumental necesarios para a eliminación de cálculos dentais                 |
| CA3.6 Realizáronse as técnicas de eliminación de cálculos e pulidura de superficie                                 |
| CA3.7 Utilizouse a visión correcta na eliminación do cálculo dental  |
| CA3.8 Definíronse as medidas de prevención de cálculos   |
| CA3.9 Identificáronse as complicacións e as súas medidas correctoras   |
| CA3.10 Mantívose unha actitude de orde, limpeza e método nas fases do proceso                                      |
| CA3.11 Verificouse que a superficie quede libre do cálculo   |
| CA3.12 Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica |
| CA3.13 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental  |

**4.5.e) Contidos**

| Contidos                                 |
|--|
| Cálculos dentais.                        |
| 0Verificación da eliminación do cálculo. |

| Contidos  |
|---|
| Definición de técnicas.                                   |
| Indicacións e contraindicacións.                          |
| Preparación de materiais e instrumental.                  |
| Instrumental para a raspadura, a pulidura e o alisamento. |
| Realización de técnicas.                                  |
| Medidas de prevención.                                    |
| Complicacións e medidas correctoras.                      |
| Criterios de calidade en cada fase do proceso.            |

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD          | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 6   | PULIDO DE OBTURACIÓNS | 28       |

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA5 - Efectúa a pulidura de obturacións dentarias, logo de seleccionar as técnicas correspondentes | SI       |

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA5.1 Identifícanse as superficies dentarias que se vaian puír           |
| CA5.2 Defíníronse os criterios que xustifican a pulidura das obturacións |
| CA5.3 Identifícanse os tipos de materiais que cumpra puír                |

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA5.4 Clasifícase o instrumental abrasivo segundo o material que haxa que puír                                   |
| CA5.5 Preparouse o material necesario para realizar a pulidura   |
| CA5.6 Selecciónase a velocidade de rotación e a refrixeración  |
| CA5.7 Realízase a pulidura de obturacións  |
| CA5.8 Verifícase que a superficie puída non interfira na oclusión  |
| CA5.9 Acondiciónase o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica |
| CA5.10 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental                                      |

#### 4.6.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| Identificación de superficies que cumpra puír.              |
| Verificación da superficie puída.                           |
| Xustificación da pulidura.                                  |
| Tipos de materiais que cumpra puír.                         |
| Instrumental abrasivo segundo o material que haxa que puír. |
| Materiais para puír.  |
| Instrumentos rotatorios para a pulidura de obturacións.     |
| Preparación do material.                                    |
| Selección de parámetros no instrumental rotatorio.          |
| Realización da técnica.                                     |

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                                       | Duración |
|-----|--|----------|
| 7   | TÉCNICAS DE CONTROL DA HIPERSENSIBILIDADE DENTARIA | 24       |

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA7 - Aplica técnicas de control da hipersensibilidade dentinaria, en relación coa etioloxía das lesións da superficie dentaria | SI       |

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA7.1 Enumeráronse os estímulos causantes de hipersensibilidade dentinaria  |
| CA7.2 Identificouse a etioloxía da hipersensibilidade dentinaria  |
| CA7.3 Describíronse os síntomas da hipersensibilidade dentinaria  |
| CA7.4 Comprobouse a hipersensibilidade dentinaria mediante exploración  |
| CA7.5 Clasificáronse as preparacións desensibilizantes usadas no control da hipersensibilidade dentinaria         |
| CA7.6 Aplicouse a preparación desensibilizante adecuado a cada caso   |
| CA7.7 Aplicáronse os criterios de calidade en cada fase do proceso  |
| CA7.8 Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica |
| CA7.9 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental  |

#### 4.7.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| Enumeración de estímulos causantes da hiperestesia dentinaria.                              |
| Etioloxía. Patoloxía dentaria: carie. Fracturas. Branqueamentos. Procedementos operatorios. |
| Sintomatoloxía. Dor: localización.  |
| Técnicas de exploración.  |
| Tratamento. Preparacións desensibilizantes.   |

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Serán mínimos exixibles tódos os criterios de avaliación indicados como mínimo exixible para cada Unidade Didáctica.

Para poder superar o módulo, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos contidos reflexados nos criterios de avaliación considerados mínimos exixibles para esta programación.

Os criterios de avaliación para a primeira avaliación son:

Parte teórica 60%, que consistirá nunha proba escrita por unidade didáctica. Cada proba escrita poderá constar de dúas partes:

- Parte tipo test con catro respostas posibles e unha única resposta correcta.
- Parte de preguntas curtas de desenvolvemento y/ou preguntas de verdadeiro/ falso.

Nas preguntas poden incluírse imaxes, gráficos, tablas.

Parte práctica 40%, que consistirá na realización, trala finalización de cada unidade didáctica, de:

- Un exame práctico que suporá un 30% do valor da parte práctica. Dito exame consistirá na realización das prácticas correspondentes ás unidades impartidas na avaliación e/ou na resolución de supostos prácticos relacionados cos contidos impartidos.
- Valoración das prácticas realizadas na aula e das actividades de aula, que terá un valor dun 5% do valor da parte práctica.
- Realización dun traballo que deberán entregar na data fixada pola docente, e que terá un valor dun 5% do valor da parte práctica. Dito traballo será entregado a través do aula virtual.

Os criterios de avaliación para a segunda avaliación son:

Parte teórica 60%, que consistirá nunha proba escrita por unidade didáctica. Cada proba escrita poderá constar de dúas partes:

- Parte tipo test con catro respostas posibles e unha única resposta correcta.
  - Parte de preguntas curtas de desenvolvemento y/ou preguntas de verdadeiro/ falso.
- Nas preguntas poden incluírse imaxes, gráficos, tablas.

Parte práctica 40%, que consistirá en:

- Un exame práctico que suporá un 30% do valor da parte práctica. Dito exame consistirá na realización das prácticas correspondentes ás unidades impartidas na avaliación e/ou na resolución de supostos prácticos relacionados cos contidos impartidos.
- Valoración das prácticas realizadas na aula e das actividades de aula, que terá un valor dun 10% da parte práctica.

Os criterios de avaliación para a terceira avaliación son:

Parte teórica 70%, que consistirá nunha proba escrita por unidade didáctica. Cada proba escrita poderá constar de dúas partes:

- Parte tipo test con catro respostas posibles e unha única resposta correcta.
  - Parte de preguntas curtas de desenvolvemento y/ou preguntas de verdadeiro/ falso.
- Nas preguntas poden incluírse imaxes, gráficos, tablas.

Parte práctica 30%, que consistirá en:

- Un exame práctico que suporá un 20% do valor da parte práctica. Dito exame consistirá na realización das prácticas correspondentes ás unidades impartidas na avaliación e/ou na resolución de supostos prácticos relacionados cos contidos impartidos.
- Valoración das prácticas realizadas na aula e das actividades de aula, que terá un valor dun 10% da parte práctica.

**IMPRESINDIBLE TER TODAS AS PARTES APROBADAS PARA calcular a nota correspondente (mínimo obter un 5 sobre 10 para poder calcular a nota media).**

A nota de cada avaliación calcularase sumando a nota dos dous apartados (teórica ou conceptual e práctica ou procedimentais), aplicando as porcentaxes correspondentes, sempre e cando se alcance a nota mínima de 5 en cada un dos apartados. Para realizar esta suma, emprégase a nota ponderada con dous decimais (unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes). A nota da avaliación exprésase sen decimais.

As recuperacións da parte ou partes non superadas serán sempre despois da entrega de notas da terceira avaliación. A ausencia non xustificada a un exame, xa sexa parcial ou final, suporá realizar directamente a recuperación correspondente. O alumnado que copie algunha das probas ou exames de avaliación, implicará o suspenso na mesma e terá que ir á recuperación.

A nota final de curso será a resultante da media ponderada obtida nas distintas avaliacións, sempre e cando estean aprobadas cun mínimo de 5 todas as avaliacións. Para realizar a media, emprégase a nota ponderada con decimais obtida en cada avaliación. A nota final exprésase sen decimais.

NON se realizarán exames para subir nota.

Todas as modificacións que tiveran que levarse a cabo sobre a programación elaborada inicialmente, quedarán rexistradas na plataforma no apartado de seguimento da programación e no documento de memoria do módulo que será elaborada ao finalizar o curso.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Quedarán pendente aquel alumnado que non acade unha nota mínima de 5 no módulo.

Para os alumnos/as que non superen o módulo por non ter adquiridas as capacidades requiridas, o seu plan de recuperación dependerá en cada caso das capacidades que deban conquistar á vista do informe individualizado de avaliación. Deben figurar neste as cualificacións parciais, as medidas de reforzo ou adaptación curricular tomadas, as validacións ou exencións concedidas e as capacidades que non foron acadadas polo alumno/a. Este plan fixará para o módulo os criterios e procedementos de avaliación.

Para recuperar as partes non superadas, realizarase un exame en xuño.

Para calcular a nota da recuperación das partes non superadas, éstas serán valoradas do 0 ao 10 e aplicaranse as mesmas porcentaxes que durante o curso.

Para superar este módulo é necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos en cada unha das partes das que consta o sistema de avaliación, incluída a recuperación.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que teña perdido o dereito de avaliación continua, por ter superado a porcentaxe de faltas de asistencia non xustificadas establecidas polo centro, deberán acollerse ao sistema extraordinario de avaliación que consistirá en:

- 1.- Unha proba escrita, que consistirá nun exame escrito que versará sobre tódolos contidos conceptuais impartidos neste módulo ó longo do curso, supón o 60% da nota final.
- 2.- Unha proba práctica, que consistirá na realización de distintas prácticas na aula taller así como na identificación de material e resolución de supostos prácticos, e versará sobre tódolos contidos procedimentais impartidos neste módulo ó longo do curso, supón o 40% da nota final.

Ambas probas serán valoradas sobre 10. A nota calcularase sumando a nota dos dous apartados anteriores, unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes, sempre e cando se alcance a nota mínima de 5 en cada un dos apartados. Para realizar esta suma, emprégase a nota ponderada con dous decimais. A nota da avaliación extraordinaria exprésase sen decimais, aproximando ao número enteiro máis próximo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- O seguimento da programación será documentada no modelo Seguimento da programación disposto na aplicación.
- No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e deixarase o correspondente modelo de Seguimento da programación.
- Ao final de curso realizarase a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido, na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.
- A avaliación da propia práctica docente será levada a cabo a través dun cuestionario ao final do curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

- Realizarase un cuestionario non puntuable e/ou unha entrevista ao inicio do curso para ver os coñecementos cos que parte cada alumno/a, en relación con este módulo, e para coñecer cal é a súa formación previa (laboral, educativa, etc.), as súas motivacións, experiencias, expectativas, etc.
- Na reunión de avaliación inicial con equipo docente, levarase a cabo o consenso sobre as actuacións a levar a cabo, segundo cada caso.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- En xeral, tras a avaliación inicial, se se detectase a necesidade de reforzo educativo, adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinoaprendizaxe susceptibles de modificación que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

- Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos:
- Desde este módulo contamos con elementos para concienciar ás alumnas/os sobre a xusta igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:
- Usando unha linguaxe non discriminatoria e inclusiva.



- Facendo grupos mixtos de traballo.
- Distribuindo as tarefas, roles, na mesma medida entre todo o grupo por igual.
- Fomentando a participación de cada persoa sen distincións de sexo.

Educar para a convivencia:

Funcionamos sempre tendo en conta os principios da convivencia democrática e pacífica: tolerancia, respecto e igualdade. Amosando actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos de xénero, lingüísticos, relixiosos, físicos, de clase social, e aos prexuízos, utilizando o diálogo como medio de traballo nos grupos e na clase.

Recoñecendo e valorando a diversidade como feito enriquecedor, aproveitaremos a realidade plural que pode existir na clase cando compartamos espazos, tempos, actividades, materiais e experiencias.

A modo de conclusión; fomentar en xeral aspectos educativos para formar persoas con boa disposición e bos hábitos no seu futuro sociolaboral.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Levaranse a cabo actividades extraescolares relacionadas co ciclo que teñan lugar durante o curso académico, tales como: charlas, cursos e congresos.

Durante o curso tratarase de realizar:

- Charla da casa comercial sensodine/corega.
- Charla da casa comercial Oral B.
- Charla sobre "hixiene oral en pacientes con discapacidades" ponente: María Esther Pérez Serrano.
- Charla/Taller da casa comercial Dentaid, sobre medio químicos e mecánicos para o control da placa bacteriana.
- Tratarase de participar nalgunha feira educativa (por exemplo: Edugal) para dar a coñecer o ciclo de Hixiene Bucodental, as tarefas destes profesionais sanitarios e para levar a cabo tarefas de educación sanitaria á poboación, como poden ser os revelados de placa bacteriana e a instrución en técnicas de hixiene oral.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Información ao alumno e material didáctico

O material didáctico será proporcionado pola docente e será colgado na aula virtual do centro. Este material NON poderá ser difundido nin divulgado a través de ningún medio ou circunstancia.

Ao comezar o curso a programación didáctica explicárase na aula ao alumnado. Posteriormente, cando se peche estará a disposición do alumnado na aula virtual do CIFP Manuel Antonio.